

EXPEDIENTE: 2024/G010/000007

ASUNTO: SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 10/07/2024

TRÁMITE: CONVOCATORIA

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

De acordo co establecido no art. 18 do Regulamento Orgánico deste concello e no acordo plenario adoptado en sesión realizada o 03/07/2019 polo que, entre outros, se acorda "(...) se as circunstancias o aconsellan, a xuízo do alcalde, poderá este convocar sesión con carácter ordinario en hora ou día distinto do que correspondería conforme ao punto anterior, nun intervalo do sete días naturais anteriores ou posteriores, e á hora que estime axeitada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos da convocatoria. En particular, serán criterios a ter en conta pola Alcaldía para a convocatoria das sesións ordinarias para día distinto do establecido como preferente, o feito que tal día sexa festivo, a conveniencia dun maior estudo dos asuntos que se prevea tratar, a urxencia dos mesmos e calquera outros que xustifiquen razoadamente a decisión".

Comunicado aos/ás sres./sras. concelleiros/as o cambio na data de realización da sesión plenaria debido ao prazos de tramitación dun dos puntos a incluír na orde do día, en uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: mércores 10 de xullo de 2024

Hora: 20:00

Lugar: SALON DE PLENOS

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS DO EXERCICIO 2023
3. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 08/02/2024, ACTA DO PLENO ORDINARIO 14/03/2024 E A DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 13/05/2024
5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02-2024
6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE "XIX CARREIRA PEDESTRE DE LESTROBE 2024"
7. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO PLENO DO CONCELLO DE DODRO
8. CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO
9. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DA LICENCIA DE TAXI Nº 2 DO CONCELLO DE DODRO
10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2026 DO CONCELLO DE DODRO
11. RENOVACIÓN DO CONVENIO DO PROXECTO "PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DE FERRO: OS CASTRO DOS PRAESTAMÁRICOS".
12. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVIZO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2024/2025

C) MOCIÓNS:

C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS:

13. MOCIÓN DO PARTIDO SOCIALISTA DO CANON DA AUGA
14. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA
15. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE O TRANSPORTE DO INSTITUTO

C.2) MOCIÓNS URXENTES

D) CONTROL DE GOBERNO

16. ROGOS E PREGUNTAS

17. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS.

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, informándolles que están a súa disposición os antecedentes dos asuntos a tratar no Portal de Cargos Electos da Sede electrónica do Concello.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria -Interventora, que da fe